

CONCELLO DE PONTEVEDRA

ANUNCIO DA APROBACIÓN INICIAL DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR NO ÁMBITO DA U.A. 24 DO PXOU DE PONTEVEDRA, ENTRE AS RÚAS FRANCISCO TOMÁS Y VALIENTE E CONDE DE BUGALLAL, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE PONTEVEDRA.

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 27 de setembro de 2010, adoptou por unanimidade o seguinte acordo:

Primeiro.- Prestar aprobación inicial ao Plan Especial de Reforma Interior no ámbito da Unidade de Actuación nº 24 do PXOU de Pontevedra, rúas Francisco Tomás y Valiente e Conde de Bugallal, formulado polo Concello de Pontevedra, instrumento urbanístico redactado polo arquitecto xefe da Oficina de Planeamento e Xestión Urbanística, don Carlos García Velasco, datado en abril de 2010 e, simultaneamente, ao Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello o 10 de maio do 2010, para a construción dun novo edificio xudicial, incluíndo o texto íntegro do convenio na documentación que se someterá a información pública.

Segundo.- Someter a información pública o expediente por prazo de un mes mediante a publicación de anuncio no "Diario Oficial" de Galicia, "Boletín Oficial" da Provincia, Taboleiro de Editos do Concello, na páxina web <http://www.pontevedra.eu> e en dous xornais de maior difusión da Provincia, a efectos de que durante dito período poidan formularse as alegacións e suxestións pertinentes, computándose o remate do referido prazo de alegacións dende a data de publicación do anuncio no "Diario Oficial" de Galicia, dilixenciándose a documentación exposta pola Secretaria Xeral, con notificación individual aos propietarios do terreos afectados segundo relación catastral incorporada ao proxecto, notificación que se fará por medio de anuncios no Taboleiro de editos do Concello e BOP cando sexan descoñecidos, sexa ignorado o lugar de notificación ou tentada esta non se puidera practicar.

Terceiro.- Interesar durante o período de información pública do expediente, informe do Ministerio de Fomento/ADIF, concedendo a tales efectos o prazo de un mes (art. 86.b) Lei 9/2002), agás que a lexislación sectorial sinala outro prazo, así como da Asesoría Xurídica e Intervención municipal en relación con convenio a perfeccionar.

Durante o prazo de 1 MES, contado a partir da publicación deste anuncio no "Diario Oficial" de Galicia, calquer interesado poderá examinar o expediente no Servizo Municipal de Urbanismo, Medio Ambiente e Patrimonio Histórico (Rúa Churruchaos, 2), e formular as alegacións e xustificacións que estime procedentes.

Pontevedra, 5 de outubro de 2010

A TENENTE DE ALCALDE DELEGADA
DA ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA

O SECRETARIO DA
DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL

Asdo.: Dna. María Teresa Casal García

Asdo.: D. José Carlos Castiñeira Piñeiro

